

José Iglesias Fernández. "Un ilustre ourensán descoñecido"

Señor Director do diario La Región, Distinguída Directora de la Biblioteca Pública de Ourense *Nos*, Señor Presidente, Señor Vicepresidente e membros da Coral de Ruada, membros de Merenda Creativa, familiares, amigos e coñecidos, a todos e todas, moitas grazas por acompañarme hoxe neste acto de recoñecemento a miña persoa.

Nacín no decembro do ano de 1931, nunha das familias mais probes de esta cidade. Cumprín noventa anos no mes pasado. Facendo un balance entre estes dous acontecementos, entre como nacín e o que agora son, atopo que estiven facendo, sen ser consciente de elo, o que **Epicuro** (341 a 271 aC) nos aconsellaba na súa sabedoría: "Que ningún, mentres sexa novo, se mostre remiso a filosofar, ni tampouco o chegar a vello de filosofar se canse. Por que, pra alcanzar a saúde da alma, nunca se é demasiado vello nin demasiado novo".¹ Polo tanto, dende entón ata fai pouco, quén me había de dicir que familiares e persoas amigas, se xuntarían hoxe pra me facer esta homenaxe a aquel neno da praza do Corredor que seguiu case o pe da letra os consellos do filósofo grego sen sabelo!

De esta maneira, nos preguntamos, como é que un neno tan probe, sen estudos, analfabeto na súa lingua, podía ser capaz de abordar temas tan espiñosos como son as causas da pobreza, o desemprego e a desigualdade social? Cal é a razón?

Todo isto que lles conto foi posíbel a unhas circunstancias, malas e boas, que se encadearon entre elas: tiven que traballar de recauchutador de rodas, pinche de albanel, pintor de coches, cristaleiro, recolledor de froita, lavandeiro, frega pratos, camareiro, e recolledor do lixo; como resultado, como outras tantas persoas galegas, tiven que emigrar a Bilbao, despois a Londres, e alá, traballar de día e facer os estudos de noite, ata ingresar con beca das institucións inglesas en tres das mellors universidades daquel país: London School of Economics, University Of Oxford e a Middlesex University London, onde, con moito esforzo, logrei os títulos en Ciencias sociais e en Ciencias económicas. Cando regresei de Londres, estiven empregado nunha multinacional da químico farmacéutica con responsabilidades de administración e xestión importantes durante catorce anos.

Ademais, neste proceso de transformación persoal, fixen bastantes mais cousas, entre outras, dise que eu son o principal promotor dun tema social tan en boca de todos, tanto a nivel nacional e internacional, como e o da Renda Básica. Certo é que alá polos anos 90 a proposta que se poñía na mesa a debate por pequenos grupos de esquerdas era o *reparto do traballo*; ¿por que non amplialo, derivalo e propor tamén debater as consecuencias que tería repartir parte da Renda Nacional: debater o *reparto da renda*, ademais do reparto do traballo, pra darlle unha saída conxunta o tema do desemprego, a pobreza e as desigualdades sociais? Decateime deseguida que o desemprego, a pobreza e a desigualdade son estruturais o capitalismo e que, pra darles unha solución, hai que que transformalo en unha nova sociedade. Dende entón, dediqueime a seguir elaborando instrumentos, procesos e alternativas en profundidade: *a miña proposta é a renda básica e o municipalismo comunal*.

Sobre a *renda básica* explicarei brevemente o seu concepto e a miña elaboración da mesma. Dicimos que é o dereito que ten cada persoa, de maneira individualizada, a percibir unha cantidade de diñeiro periodicamente *so polo feito de nacer*. Polo tanto, a RB non está suxeita a



¹ Epicuro (341 a 271 aC). *Carta a Menecio*.

ningunha outra condición: é individual, universal e incondicional (independente de outros ingresos e de pasar polo mercado de traballo); a contía será igual a o *umbral de pobreza*; de esta, percibirá un 80% en *ma* e o outro 20% irá destinado ao *Fondo de RB* dedicado a financiar bens comunais.²

Mentres escribín sobre a RB fixen outros estudos, e din opinións e argumentos sobre outros temas, tales como o carácter sustentable do *sistema público de pensións*; outro que se chama coloquialmente *macuto austriaco*; e xa con más extensión e profundidade, o instrumento da *búsola/matriz*, aplicado a un proceso e alternativa ao sistema capitalista, como dixen, nestes momentos nomeado o *municipalismo comunalista*. Sobre istos temas escribín mais de trinta libros e centos de artigos en revistas, e din cursos en universidades, nacionais e internacionais.

Antes de rematar, quero engadir unhas palabras de homenaxe a todas as persoas que se han atopado coa necesidade de deixar a nosa terra como emigrantes. Nada mellor que lembrar a nosa Rosalía de Castro que o deixa ben claro no seu poema *Adiós ríos, adiós fontes*.³ Cito dúas das súas estrofas

iAdiós, gloria! iAdiós, contento!
iDeixo a casa onde nacín,
deixo a aldea que coñeo,
por un mundo que non vin!
Deixo amigos por estraños,
deixo a veiga polo mar;
deixo, en fin, canto ben quero
iquéñ puidera non deixar!
[e quéñ puidera no Ruada seguir cantando]⁴

Miña terra, miña terra,
terra onde m'eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei.
Prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña d'o meu contento.

A autora aborda os desgarres persoais, familiares, culturais, emotivos, que orixina a emigración. Na maioría dos casos sabes que son saídas sense retorno. Amigos, amores e lugares que desaparecen da túa vida. É un adiós pra sempre de todo aquilo que estimas. É unha rachadura psicolóxica, interna e externa, moi difícil de explicar. E que sufrirás todo o resto da túa vida con recordos e lembranzas que te sacudiran fins que morres.

Pero a emigración tamén ten un lado positivo que é a visión do mundo más dende un *ángulo universal*; ponmos en contacto con outras culturas, outros idiomas, outros ámbitos humanos, outras persoas, outras identidades políticas, todo un aprendizaxe desde un mundo de mestizaxe que nos enriquece como persoas acostumadas a vivir unha vida dende un so lugar. Eu non son o que son hoxe sen esta aventura da emigración. Chegados ata aquí, quixería agradecer a tantas persoas que me axudaron nesta larga etapa da miña vida, e con especial referencia a miña muller Miren Etxezarreta.

Xa pra rematar, lembremos outro consello de **Epicuro**, quen nos di: "lembrémonos tamén que o futuro non é noso, pero que tampouco poderíamos dicir que no nos pertenza de todo. Polo

² Qué serán da comunidade, non do estado nin privados. Ningún poderá vendelos, enaxenálos. RB mensual en Galicia 913 euros persoa mensual; 2020. (730 en ma e +183 pro FRB).

³ Rosalía de Castro. Cantares Gallegos. pp. 308-310. En Obras Completas. Aguilar. Madrid 1960.

⁴ Liña engadida no meu caso

tanto non habemos de agardar a que teña que cumplirse con exactitude o que pensamos, pero tan pouco temos por que desesperarnos como si nunca fose a realizarse".⁵ De aquí a idea, e necesidade, de pensar e debuxar utopías, que, por a idade que teño, é o que preferentemente fago agora. Intentar mellorar a nosa sociedade é unha loita inacabable.

Moitas grazas.

José Iglesias Fernández
Ourense, 18 xaneiro de 2022

APÉNDICES

O concepto de Comunidade

Mentres non vivamos en un sistema social sen propiedade, sen clases e sen xerarquías, laico, antimilitarista, anti racista e anti sexista, no que os seres humanos decidamos e xestionemos horizontalmente *entre iguais*⁶ a riqueza comunal e os recursos que han de cubrir as nosas necesidades, pouco ou case nada poderemos fazer contra as agresións que perpetran as sociedades clasistas, e o capitalismo en particular, contra o ser humano e o planeta, contra a o conxunto formado polo habitade natural e pola especie humana, contra a casa común da especie humana.⁷

Estas características nos levan a pensar *a comunidade* como a unidade de convivencia de aquelas persoas que deciden de maneira libre, autónoma e voluntariamente vivir de forma colectiva, buscando o ben común e o apoio mutuo, a fraternidade e a amizade, sen distinción de credos, razas, etnias, idades, sexos, colores, culturas, linguas, etc., o que leva a que a comunidade non teña necesidade de reivindicar un Estado-nación, e menos por motivos relixiosos, étnicos, lingüísticos, culturais, clasistas, xeográficos, e demás continxencias. A vida comunitaria prescindirá dos tres pilares das sociedades onde se exerce a opresión, como son o *estado, o mercado e o diñeiro*.

O concepto de Autárkeia

De maneira precisa, na ética⁸ de **Epicuro** se indican dous aspectos importantes: a ataraxia e a autárkeia. A *ataraxia* como unha vivencia, unha tranquilidade de ánimo dos membros comunitarios; e dicir, a ataraxia como o principio que rexe a un mesmo en relación co ser físico e co ser material; unha forma armónica de vivir do ser humano coa natureza.⁹ Mientras que esta actitude trasladada as relacións sociais, a unha comunidade, a *autarkeia* é unha forma de autonomía independente de calquera tipo de xerarquía, e dicir, unha xestión horizontal apoiada na soberanía dos seus membros. Mais amplamente, como a definiría o mesmo filósofo, "a noción de autosuficiencia (*autarkeia*) se refire a posibilidade e a capacidade de concorrer, sobre a base dos seus propios recursos, a satisfacción do que é necesario pra vida e a súa plenitude". E engadía, "a autarkeia a temos por un gran valor, non porque debamos conformarnos sempre con pouco, senón pra que, se non temos moito, con este pouco nos chegue, pois estamos convencidos de que da abundancia gozan con maior dozura aqueles que minimamente a necesitan, e que todo o que a natureza reclama é fácil de conseguir, e difícil o que representa un capricho".¹⁰

⁵ Epicuro. *Carta a Meneceo*.

⁶ La *libertad* es uno de los derechos humanos que ensalza *el individualismo*, el egoísmo del ser individual, mientras que *la igualdad* es un derecho que ensalza el reconocimiento del *ser social*, del apoyo mutuo, de lo colectivo por vivir en una sociedad de seres iguales ante la comunidad.

⁷ En este contexto, sí que tiene sentido hablar de ser humano.

⁸

<file:///C:/Users/pc/Desktop/Escritorio/JIGLESIAS/Els%20meus%20documents/Carpeta%20Autarkeia%20y%20ataraxia/Filosof%C3%ADa%20de%20Epicuro%20de%20Samos%20autarkeia.html>

⁹ "Sabio es aquel que consigue la ausencia de perturbación (*ataraxia*), el sosiego, la paz del alma que se obtiene suprimiendo la agitación de los deseos y de los temores que asaltan al hombre vulgar. Es la serenidad algo alta (prepotente) del intelectual que ha rechazado el mundo trágico de las religiones y de los mitos, y como (tal y como se desprende de la física atomista) ya no teme a los dioses ni a la muerte, y como pone límites a los deseos, consigue la felicidad. Lo que ocurre es que la ataraxia nunca es presentada como un fin. El único fin que nunca haya admitido Epicuro es el placer. Así pues, la ataraxia sólo es estimable en la medida en que se subordina a este fin, es decir, en la medida en que es productora de placer". En <file:///C:/Users/pc/Desktop/Escritorio/JIGLESIAS/Els%20meus%20documents/Carpeta%20Autarkeia%20y%20ataraxia/La%20filosof%C3%ADa%20d'Epicuro%20ataraxia.html>

¹⁰ Ver José Iglesias Fernández. *De la renta básica a la Riqueza comunal*. Nota a pie de página 25. Baladre/Zambra 2013 y Epicuro. *Carta a Meneceo*. En <http://cita.es/filosofar/hedonismo/>. También en http://www.medicinayarte.com/img/biblioteca_virtual_publica_epicurocarta_a_meneceo.pdf

O concepto de búsola / matriz como unha ferramenta de orientación

Esta é una *ferramenta* indispensábel que sirve pra valorar o comportamento e os programas dos *suxitos*, a coherencia dos *procesos* como o municipalismo, así como a natureza das *alternativas* que se din van contra o capitalismo.¹¹ Temos necesidade de dispoñer dunha ferramenta con uns poucos criterios fundamentais que nos sirvan como unha *búsola de orientación ou de unidade de verificación* (no sentido de marcar a dirección do proceso a seguir), e o mesmo tempo de *matriz* que establece o lugar onde procrear a sociedad non capitalista. É dicir, se trata de dispoñer de unha *folla de ruta* con capacidade de procreación e orientación durante todo ese tempo que dure o proceso de transformación. Isto debemos facelo malia que somos conscientes da precariedade e das dificultades das que partimos no intre de argallar un discurso sobre unha sociedade e un proceso municipal diferente, xa que deberá ser vivido por persoas con valores moi distintos a os dominantes na actualidade, e que o funcionamento desa sociedade nos resulta des agora podela imaxinar.¹² No obstante, esta é unha tarefa que se ha de intentar.

Din que **Lord Acton** (1834-1902) acuñou en 1887 a coñecida frase¹³ de que “*o poder tende a corromper e o poder absoluto corrompe absolutamente*”. Tamén engádeo outra que di que *o diñeiro é poder*. Dicimos isto porque o elemento fundamental que caracteriza o capitalismo é a relación sistémica que existe entre a *propiedade privada, o diñeiro e o mercado*, elementos nos que o poder ten unha marca común con todos os tres: a propiedade é poder, o diñeiro é poder, e o control do sistema de mercados da poder as empresas monopolísticas.¹⁴ De aquí que, o debuxar a parte da matriz se houbera de buscar que o elemento distintivo *fose a igualdade*, pero que esta so podería ser posible na medida que quedase *desmontado o poder*, e a dicir, a búsola/matriz tería que impedir calquera posibilidade de que se volvese a reproducir no seno da comunidade a perversión do poder entre os seus membros ou institucións.

Entón, cales serán as características mínimas que identificarán a sociedades comunais (utópicas), así como o proceso municipalista que imaxinamos? Esta *búsola e matriz xeneral de orientación* é válida pra calquera proposta alternativa, por estar composta por esas características mínimas, por uns eixes teóricos e prácticos, que han sido deducidos a partir de todos aqueles sectores que conforman o capitalismo e que hai qué eliminar. Polos que consideramos esenciais pra erguer radicalmente tanto o proceso como esa sociedad comunal que debuxaremos como *punto de chegada*:

Partimos dun elemento inicial que nos sirve de tronco. Este consiste en que o seu sistema de propiedade sexa, colectivo, comunal, non privado nin estatal.¹⁵ De feito, como o manifestaba **Maximo Kovalevsky**, “a propiedade non existía no estado de natureza, pois en tal situación todos os membros da comunidade tiñan dereito a todo”.¹⁶ Nos *Cadernos Kovalevsky*, Marx prefería considerar a comunidade como dona das terras (e da riqueza comunal), e as persoas comunais como posesoras das mesmas.¹⁷ A o final, a propiedade privada é una institución social que pode ser destruída igual que foi creada. Polo tanto, eliminada a propiedade privada dos recursos produtivos e naturais, o poder que exercían os propietarios e o poder do estado de clase que protexía os intereses dos capitalistas, se desvanece. Esta esixencia sobre a *disolución da propiedade*,¹⁸ e as súas consecuencias sobre o poder que exercían os propietarios, permiten recompoñer os demais sectores mais determinantes da vida comunal, pero con más forza o proceso municipal:

¹¹ Ver José Iglesias Fernández. *Explotación y Transformación. Análisis crítico del capitalismo y su alternativas en el siglo XXI*. Baladre/Zambra, 2007. Una valoración de la mayoría de las alternativas a la luz de la brújula matriz.

¹² Esta misma regla sirve para saber si los *ámbitos de autonomía* que proponemos se organicen (comunidades, colonias, comunas) pueden ser embriones de una futura sociedad alternativa.

¹³ Otro de sus dichos que cobra rabiosa actualidad es: “la lucha dormida, latente durante siglos, y que tendrá lugar tarde o temprano es la lucha del pueblo contra los bancos”.

¹⁴ En el capitalismo planetario, los mercados de recursos naturales, mercancías y servicios, dinero, y de la demanda mano de obra, están en manos de empresas marcadas por la estructura de un fuerte oligopolio.

¹⁵ Tanto desde la propiedad privada reconocida al individuo como la reconocida en el ámbito societario a fundaciones, cooperativas, “sales”, etc.

¹⁶ Maximo Kovalevsky. *Orígenes y evolución de la familia y la propiedad*. En <http://info5.juridicas.unam.mx/libros/4/1573/pl1573.htm>

¹⁷ Cita extraída del texto de Álvaro García Linera, *Introducción a/Cuaderno Kovalevsky de Karl Marx*, La Paz, Ofensiva Roja, 1989.

¹⁸ En lo referido a la propiedad, Pat Devine sostiene que ésta debe ser social, non privada. Según el autor la propiedade estatal o pública non asegura la propiedade social. La nacionalización de los medios de producción es un primer paso crucial hacia su socialización, pero ésta non es suficiente por si sola para conseguirla. La propiedade social debe cumplir dos criterios. Primero, los medios de producción deben ser empleados en función de los intereses de la sociedad. Segundo, la sociedad debe tener una disposición efectiva sobre los medios de producción que posee. Ver TAIFA. Seminario de Economía Crítica. *Reflexionando sobre las alternativas*. Informe nº 9. Trabajo citado.

- Qué o seu sistema de *producción* este en réxime *comunitario*; que non explote o ser humano nin estrague os recursos naturais.¹⁹
- Qué o seu sistema de *distribución* sexa *equitativo*; libre acceso a os bens pra satisfacer as necesidades básicas.²⁰
- Qué a xestión do *poder* sexa *horizontal*; non xerárquica nin despótica. ²¹ A debater a forma de goberno, de república, cando a comunidade veña condicionada por grandes concentracións de habitantes (urbes).
- Qué o seu sistema de *valores y afectos* propoña e potencie o *ben común*: xustiza, igualdade, fraternidade (amizade), apoio mutuo, etc.
- Qué mentres como cidadán, a persoa ríspeta *a res pública*, o espírito comunitario da sociedad, a comunidade le ríspeta o seu dereito individual a intimidade, a o gozo da súa *res privada*. Sen embargo, y dado o carácter eminentemente social do ser humano, alá onde a res pública entre en conflito coa res privada, os asuntos comunitarios (ou públicos) terán carácter preferente sobre os privados.

Moitas das propostas postuladas como alternativas non cuestionan *a propiedade privada* da riqueza produtiva. Tampouco propoñen producir bens e servizos pra ser *distribuídos libre e equitativamente* como bens comunais. Nin propoñen un cambio *na forma de goberno, ni esixen nin dan garantías de que este sexa horizontal*, entre iguales. A idea do ben común como filosofía do bo vivir da comunidade tampouco aparece, ou o menos, coa forza e o papel que ha de xogar na composición das características fundamentais que ha de ter a *búsola matriz comunal*.

No estado primixenio, non sabemos cuento de felicidade social gozaba o ser humano. O que só aparece como unha constante é a búsqeua incesante de un grao de convivencia social na que a mesma fose asegurada. De aquí que a utopía non solo permite soñar a o ser humano con sociedades douradas edénicas, representadas a miúdo por ceos, xardíns, verxeis, senón que pode ser tamén aplicada a procesos e ferramentas que sirvan de norte ou búsola. Apoiándose nas correntes humanistas que afloraban na idade media, e en especial con referencia a o textos cervantinos, **Francisco Garrote Pérez** deduce un modelo de criterio de verificación similar o que acabamos de defender. Un modelo de arcadia que *o antecede no tempo en case quinientos anos*. As principais características son:

- “O igualitarismo e o comunitarismo dos bens e dos medios de producción, o que leva a non admisión da propiedade privada.
- Igualdade completa e xeneral entre as persoas.
- Ausencia de calquera explotación ou opresión, fonte de calquera alienación.
- Amor fraterno xeneralizado como base da convivencia.
- Comunidade de bens, tanto de recursos como de bens e servizos producidos.²²

José Iglesias Fernández
Ourense, 18 xaneiro de 2022

¹⁹ La *planificación* entre iguales ha de ser un instrumento a considerar.


²⁰ En la *fase capitalista* (de mercado y bienes públicos), la implantación de una Renta Básica es indispensable.

²¹ Como proponía Epicuro, una autonomía independiente de cualquier tipo de jerarquía, es decir, una gestión horizontal basada en la *autarkeia*, o de la soberanía de sus miembros. Dicho de otra manera, “La noción de autosuficiencia (*autárkeia*) se refiere a la posibilidad y la capacidad de concurrir sobre la base de los propios medios a la satisfacción de lo que es necesario para la vida y su plenitud”. Epicuro. *Carta a Menecio*.

En <http://www.onomazein.net/4/epicuro.pdf>

²² Francisco Garrote Pérez. *La sociedad ideal de Cervantes*, p.22. CEGAL, 1997.

La matriz / brújula comunal



Fuente: Elaboración propia